

APROXIMACIÓN AOS SOBRENOMES DE PONTEDEUME: UN TRABALLO DE CAMPO

Pablo García Campos e Lidia Sieira Rodríguez

Á miña familia.
A Ramón.

PEQUENA INTRODUCCIÓN AOS SOBRENOMES

O nome é a palabra coa que se distingue e designa un ser animado ou inanimado.

O sobrenome ou alcume¹ é o nome que se lle dá a unha persoa, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias. O nome e o sobrenome fan referencia a unha mesma acción: nomear, función que desde moi antigo se lle atribuíu ao home (véxase a *Biblia*, Xénesis 2,19), pero desde dous puntos de vista diferentes; o primeiro implica nomear unha xeneralidade e o segundo, pola contra, é máis específico, porque fai referencia á persoa, é máis, substitúe ao nome.

O sobrenome remóntase ao mundo romano, cando as persoas libres e máis concretamente os integrantes das familias patricias (*gens*) utilizaban tres elementos para nomearse. Un exemplo disto é Marcus Tullius Cicero. Marcus é o *praenomen* (sería o noso nome actual), Tullius é o *nomen* (sería o noso apelido) e Cicero é o **cognomen** (sería o sobrenome), que significa chícharo.

COMO NACEU ESTE TRABALLO

Este artigo é froito da elaboración dun traballo de clase para a materia de Cultura e Tradición Popular, que tiña como finalidade a introducción dos alumnos na metodoloxía do traballo de campo como medio de investigación para a Antropoloxía.

O tema que escollemos foi o dos sobrenomes en Pontedeume, e despois de que fose puntuado decidimos que podería ser interesante publicalo nesta revista co propósito de que servise como punto de inicio para un traballo de investigación de maior extensión sobre este tema, xa sexa feito polos autores ou por outras persoas.

1. *Diccionario da Real Academia Galega*, 1997. Convén ter en conta que tamén hai outras palabras que fan referencia de forma semellante á realidade expresada polo sobrenome. Entre elas cabe destacar en galego: apelativo e sobrenome (*Diccionario da Real Academia Galega*, 1997). En castelán: *apodo*, *alias*, *mote*, *mal nombre*, *sobrenombre* (*Diccionario de la Real Academia Española*, 2001; *Nueva Enciclopedia Larousse*, 1983). Segundo a *Nueva Enciclopedia Larousse* alias e sobrenombre aluden á calidades ou circunstancias boas ou malas e pola contra mal nombre e mote implican menosprezo, burla e ironía.

O TRABALLO DE CAMPO

Obxectivos

1. Observar a función do sobrenome dende dúas perspectivas, unha persoal como substituto do nome e caracterizador de personalidades, e outra social como medio de clasificación sociolóxico.
2. Estudiar a relación entre os sobrenomes e o contorno onde aparecen, neste caso a vila de Pontedeume. Aquí deben considerarse varios aspectos:
 - Como inflúe que Pontedeume sexa unha vila de orixe medieval e de carácter mariñeiro.
 - Cal é o grao de permanencia dos sobrenomes tradicionais co paso do tempo e que outros sobrenomes se foron engadindo a estes.
 - ¿Existen diferencias entre os sobrenomes que se dan na vila cos que se dan nas diferentes parroquias do concello?
 - Cal é o tratamento que en canto ao sobrenomes se lle dá ás persoas que son doutro lugar en Pontedeume.
 - Desde unha perspectiva negativa, ¿en que medida afecta o sobrenome á integración ou desarraigo da persoa que o leva na comunidade da que forma parte?

Metodoloxía e cuestións realizadas

O método investigación foi a entrevista persoal. Debido ao carácter introductorio do traballo só se fixeron dúas, a Jesús Filgueiras Allegue e Andrés López Carpenle. O primeiro paso que demos foi formularlles o tema e os nosos obxectivos. Non houbo, por parte deles, ningún tipo de receo nin suspicacia, a causa do coñecemento mutuo.

As preguntas foron as seguintes:

1. ¿Por que o chaman así?
2. ¿Cal é a orixe do seu sobrenome?
3. ¿Moléstalle que o chamen polo seu sobrenome?
4. ¿Herdouno ou puxéronllo de novo?
5. ¿Había diferencias de sobrenomes entre as distintas zonas da vila?
6. ¿Había algún alcume para os das parroquias do concello ou viceversa?
7. ¿Había algunha denominación para a xente de poboacións próximas a Pontedeume?
8. ¿Coñece algunha anécdota sobre os sobrenomes de Pontedeume?

Ao longo das entrevistas non só nos centramos nestas cuestións básicas, senón que fomos tomando nota doutras que se suscitaron, de forma que a conversación fose fluída e non se limitase tan bruscamente ás preguntas do cuestionario anterior. Por isto, o diálogo transcorreu nun ambiente agradable, o que foi fundamental para a obtención de información.

Tan boa foi a experiencia que nos invitaron a acudir a eles cando fose necesario e sen ningún tipo de problema.

As entrevistas

Para a realización destas entrevistas fomos á vila de Pontedeume e, tras unha pequena visita por ela, dirixímonos ás casas dos entrevistados.

ENTREVISTA A JESÚS FILGUEIRAS ALLEGUE

Este entrevistado foi o que nos proporcionou a lista dos sobrenomes de Pontedeume que incluímos como anexo. Esta clasificación conta cunha curiosa introducción que nos facilita algunhas conclusións posteriores.

O alcume co que se nomea a esta persoa é o *Moeche*. A orixe, segundo a súa explicación, remóntase ao seu bisavó, orixinario de *Moeche*. El conta que certo día cando estaban na igrexa o cura preguntou por Antón o *Moeche* (o seu bisavó) e o sancristán ao oír tal sobrenome decidiu que era o adecuado, e así foi como lle quedou. Este sobrenome transmitiuse de xeración en xeración, pasando a denominar así á familia.

Á pregunta de se lle molestaba responde negativamente, que o "leva con moito honor", é máis, quere que o coñezan así e, para que isto sexa posible, nas súas tarxetas de visita ademais de poñer o seu nome e apelidos pon tamén o seu alcume; segundo a súa expresión "é unha herencia como outra que me puideron deixar meus pais".

Non recorda ningunha distinción de sobrenomes por rúas ou zonas do pobo, o que si afirma é que de mozo os rapaces dunha mesma zona agrupábanse en "pandillas".

El fala de diferencias na denominación en canto a sobrenomes da xente do pobo e das parroquias. Os das parroquias chaman aos do pobo *pixín da vila* en referencia á condición mariñeira do pobo, *dañe* pola curiosa pronunciación que teñen os do pobo da forma galega normativa "dálle" ou *vilanchos* con ton despectivo.

Como exemplo desa distinción entre vila e parroquias citounos estes versos:

*Si naciche en Pontedeume
e non fuches apodado
non negues si te chaman
"pixín, "dañe" ou "vilancho".*

A denominación de *pixín* utilizábase para nomear a todos os habitantes de pobos mariñeiros. Un exemplo diso é que tamén se usa en Cedeira neste sentido.

Á pregunta de se existía esta mesma distinción entre Pontedeume e outros lugares falounos do caso de Ferrol. En Pontedeume, aos ferroláns chamáselles comunmente *Ferrol + anos* cun ton despectivo, xa que non gozaban de moi boa fama.

ENTREVISTA A ANDRÉS LÓPEZ CARPENTE

O alcume co que se nomea a esta persoa é o *Lorcho*, facendo referencia aos zapatos vellos ou a aquelas zapatillas abertas polo talón.

Segundo conta Andrés o sobrenome venlle da madriña da súa nai, aínda que non sabe o porqué.

Deixa claro que non lle molesta que o chamen así, é máis, admite que en canto se lle pon a unha persoa un sobrenome "xa quedas marcado para sempre" e certos alcumes, segundo el, xa viñan dados, en certa maneira non podes escapar ao teu destino.

Tamén admite a importancia do alcume como substituto total do nome e os apelidos, xa que recoñece non saber os nomes e apelidos de numerosa xente da que nos falou, aínda que si coñece o seu sobrenome.

Despois de falar sobre outros temas para ir contestando de maneira indirecta a algunhas cuestións, comentounos que hai algunhas anécdotas divertidas con respecto aos sobrenomes:

Ao instalárense en Pontedeume as primeiras liñas telefónicas, cando alguén realizaba unha chamada, a telefonista tiña que conectar unha caravilla con outra, e non facía falla aprender o número, xa que a maioría das veces os interlocutores utilizaban directamente os sobrenomes das persoas coas que se quería poñer en contacto, e a telefonista, que xa os coñecía, conectaba directamente. A aparición das novas tecnoloxías e o aumento de números fixeron que este método desaparecese lentamente.

A chegada da televisión a Pontedeume provocou que moitos actores se identificasen con xente da vila, como por exemplo o popular Antonio Garisa que tiña o seu "dobre" en o *Peneiras*, de tal forma que cando o actor interpretaba unha serie ou película xa non era el que o actuaba senón o *Peneiras*.

Ademais engadiu que ninguén quedaba sen alcume en Pontedeume (incluído o cura da súa época moza, ao que lle chamaban *castaña ruda* debido ao seu carácter). Sobre o grande número de sobrenomes dixo: "aquí o que non cae resbala".

Cando a unha persoa non lle gustaba que o chamaran polo sobrenome, sobre todo porque podía ser mal soante, utilizábanos insistentemente "por fastidiar" e porque "no pecado vai a penitencia".

Á pregunta de se había algunha diferenza entre Pontedeume e outras zonas, contesta que aos de Ferrol chamábaselles *cacos-ferrolis*; aos de Cabanas, o concello da outra marxe do río *capa-dores* por ser alí unha profesión abundante e aos de Centroña, unha parroquia do municipio, *carrilanos*. Este último sobrenome ten a súa orixe a principios do século XX, cando se construíu a liña férrea Madrid-Betanzos que tiña paso por Pontedeume. Era habitual o uso das "carrilanas" para o transporte de man de obra coma de material e facíase imprescindible no caso de Centroña por ter unha pendente moi pronunciada.

Afirma que certas rúas tiñan o seu sobrenome. Por exemplo: a actual rúa Mancebo recibía o nome irónico de *calle da Botella* porque había dúas tabernas que estaban cheas de xente. A actual travesía Real recibía o nome de *calle de los paragüeros* porque alí vivían os membros desa familia e alí tiñan o seu taller.

Tamén mencionou as actuais rúa dos Ferreiros e rúa Pescadería facendo referencia a antigos oficios que había no pobo, pero sen facer ningún tipo de aclaración sobre elas.

A medida que falaba íanos enumerando algúns sobrenomes persoais, dalgúns sabía a orixe e doutros non. Por exemplo:

- Señor Lorenzo o *Xixas*: Xixas era o nome que comunmente se lle daba ao peixe cocinado para que os máis pequenos o comesen e non protestasen.
- *As Papollas*.
- *A Cupacha*.
- *A Papaxibas*.

CLASIFICACIÓN DOS SOBRENOMES

Os sobrenomes que aquí aparecen son unha selección dunha lista moito máis ampla facilitada por un dos entrevistados. Fixemos unha selección, a modo de exemplo, aténdonos aos criterios que aparecen nas táboas de máis abaixo. Hai que ter en conta que son alcumes de orixe popular e tamén teñen un carácter irónico.

Pola situación lingüística de Pontedeume, os alcumes que conteñen sons oclusivos velares sonoros ga gue gui go gu pronúncianse gha, ghe, ghi, gho, ghu debido ao fenómeno da gheada moi propio da zona costeira de Galicia.

ANIMAI	XENTILICIOS	TRAZOS FÍSICOS	PROFESIÓN
Abellón Alacrán Camello Carioco Cuco Da mosca Dos gatos Faneca Gorrión Grilo Macaco Mocartillo Pelacho Rato Solla Zorra	Andaluz Cubanita Habanera Isleña Tragamares	Bólido Cegallo Feochas Fuciñoa Garbancito Moreno Moro Mulato Pinocho Sandokán Sietemesino	Carceleiro Corrosocos Ferreiro Mandadeiro Paragüero Rasquetas Relojos
CARACTERÍSTICAS PSICOLÓXICAS	DE IRONÍA	VARIOS	PLANTAS
Beato El Niño de las monjas Lenguas Parolas Putaina	Bacenillas Caga na caldereta Cagaespiñas Colludo Faragullas Patacón falso Peideiro Pixarolas	Biscúter Carcamán Gento La Petra Masete Repinaldo	Xeno

A continuación algúns dos seleccionados:

- Pelacho: cría dunha ave ata que non lle saen as plumas. A persoa que leva este sobrenome posiblemente era calva.

- Solla: é un nome de peixe da familia dos linguados. A persoa que leva este sobrenome é un mariñeiro.
- Andaluz: persoa procedente de Andalucía. A familia que ten este alcume conta entre os seus ascendentes cun andaluz que se instalou en Pontedeume.
- Tragamares: este alcume está relacionado coa emigración a Sudamérica. Teñamos en conta o que antes significaba cruzar o océano e veremos claramente o senso deste alcume.
- Garbancito: este alcume vai referido a unha persoa pequena.
- Sietemesino: a persoa que o leva naceu prematuramente aínda que é de constitución forte. Ten un carácter irónico.
- Corroscos: este alcume fai referencia a un panadeiro. Corrosco é un tipo de pan.
- Mandadeiro: fai referencia a unha persoa que facía recados. Téñase en conta que en Pontedeume había algunhas casas importantes nas que se encomendaban estes labores a certas persoas.
- Paragüero: é a persoa que amaña paraugas. Neste caso a familia que leva tal alcume ten entre os seus ascendentes a unha persoa desa profesión e que ademais proviña de Ourense.
- Rasquetas: este alcume é dun mariñeiro. A rasqueta é un restrelo de pequeno tamaño que serve para facer a colleita do marisco que vive nas rochas.
- Bacenillas: a "bacenilla" é un ouriñal. Antigamente os servicios estaban moi próximos ás cortes xa que os restos se empregaban como esterco. Sen embargo, algunhas veces estes residuos non acababan no sitio citado, senón na rúa a través da ventá. A persoa que facía isto recibía este alcume.
- Colludo: persoa que presume de poñer moito valor ante os problemas facendo referencia aos xenitais.
- Faragullas: é unha bola de miga de pan. Normalmente, diríase de persoas pequenas, sen embargo, ocorre todo o contrario; son altas e voluminosas.
- Biscúter: a persoa que ten este sobrenome posuía un dos primeiros biscúter da vila.
- Vello Repinaldo: o repinaldo é un tipo de mazá pequena. A persoa que tiña este alcume usaba os restos que quedan da mazá despois de comela para guindarllos á xente que pasaba baixo o seu balcón.
- Xeno: é o grelo con certo tempo, é de sabor amargo. Tendo en conta isto pódese relacionar a amargura co carácter da persoa.

CONCLUSIÓNS

Despois da realización deste traballo de campo convén facer unha serie de reflexións sobre os alcumes.

1. Pontedeume é unha comunidade rica en sobrenomes que recolle multitude de condicións, características físicas, morais ou mesmo circunstancias vitais. Convén facer unha expresa referencia á cantidade de alcumes relacionados co mar como os presentes neses versos que citaba Jesús Filgueiras Allegue.

2. Pódese percibir en Pontedeume o que formulabamos nos obxectivos sobre a función que cumpre o sobrenome de identificador de persoas e clasificador da sociedade. Non temos máis que pensar nas declaracións dos dous entrevistados sobre que só recordan ás persoas polo seu alcume e a marca que supón o sobrenome ou que xa ven dado dende o principio, é dicir, todo o mundo ten o seu. Isto tamén ten o seu lado negativo, unha persoa pode sentirse molesta polo sobrenome que se lle impón e non aceptalo. A resposta social máis predominante a este problema é a que dá Andrés de "no pecado vai a penitencia" na que pode verse que o alcume, ás veces, tamén é un lastre importante polo menos dentro da comunidade que lle dá uso.

3. O sobrenome tamén ten unha función de separación e identidade dos grupos sociais non só dentro da mesma vila senón entre diferentes poboacións como é o caso de Pontedeume e Ferrol ou Pontedeume e as diferentes parroquias.

4. As circunstancias externas e o momento social inflúen tamén na aparición dos sobrenomes: *Gento, Lapetra* ou *Garisa*.

APÉNDICE

Inclúese neste apartado a transcripción dun listado alfabético de sobrenomes de Pontedeume proporcionado por Jesús Filgueiras Allegue, no transcurso da súa entrevista. Comentou que fora un dos do grupo que comezara a recompilar estes acumes e que agora este labor era continuado por José Piñeiro González, máis coñecido, ¡como non!, por Pepe o *Pegote*. Neste sentido, a relación é incompleta porque é a primeira, pero inserímola como mostra, e porque conta cunha breve pero substancial introducción que nos serviu como punto de inicio e enfoque desta pequena experiencia.

"Apodos" de los Eumeses

Es orgullo de pueblo tener un "APODO" y nunca considerarlo "insulto".

Es hermoso recordar aquellos que nacieron en la Villa del Eume o pasaron por ella, dejando un recuerdo, una proeza, un detalle, un buen o mal carácter y porque no, un sobrenombre o "apodo", más o menos bonito.

Disculpo a todos aquellos que en un principio lo tomen a mal, pues al final comprenderán que todos sabemos que todos los tenemos, incluso el que suscribe tiene unos pocos y no presume que sean de los bonitos, como por ejemplo "cupido", "salerosa", "conde", "coronel", "majo" ..., lo que sí hay que destacar la cantidad y calidad de "indefensos animalitos", con por ejemplo: grillo, marta, merlo, gallo, gorrión..., que seguro que no se parecen, ni méritos hicieron para conseguirlos.

Se recuerdan a los difuntos las pocas veces que vamos al cementerio y leemos en su lápida, la lápida ilegible o totalmente desconocido por su nombre y apellidos, pero sí, lo recordaríamos con cariño y respeto si además del nombre Manuel Rodríguez López, aclararan con el apodo "O Perete" y así, lo identificábamos, toda vez que por el nombre nos era imposible.

El "apodo" suele traerlo uno y al nacer, pero por comodidad y no tener que decir o neto ou fillo de..., se le busca otro en la escuela, en donde suele haber cinco Pepes o tres Manolos, y sin hacer distinciones, se les busca un mal detalle o un defecto físico y ¡zas! Le caía un apodo. Hay otros que se le amontonaron y al final no se puede definir cual le va mejor, como por ejemplo: Epifanio Escudero Palomo, célebre ex-cabo de los municipales en los años 20/50, que tenía todos, desde gato a ratón pasando por el caño, pero al final... nada.

Se podía hacer un resumen o detalle, en incluso un historial de todos los apodos que, en realidad y conociendo la persona, no le corresponde y volviendo a los ejemplos: Zoca-rota, tiene sonido indio, pero no lo era, zángano, aseguro que era un gran "brazo", viejito, siempre joven...

A nadie debe parecerle mal cuando encuentre su "apodo" en esta relación, pues debe tener en cuenta que tampoco pusieron mala cara los mómaros y cabezudos, pues a ellos les robaron sus nombre para usar como "apodos"

Y como anécdota, hubo más de uno que me preguntó si el no era de Dios, pues no se veía en la primera relación y yo, bondadoso y sin cobrarle ni cien, se identificó, y lo alisté.

Ahora id leyendo todos lo que están y piensa en los que faltan, que aseguro son muchos y siento que queden tantos que no recuerdo, pero otra vez será.

MORALEJA

*Si naciche en Pontedeume
e non fuches "apodado"
non negues si te chamaran
"pixín", dañe" ou "vilancho".*

A

Abelleira
 Abellón
 Abisinio
 Abispa
 Abuelito
 Afumada
 Agulleira
 Alacrán
 Ancianito
 Andaluza
 Antero
 Apilladeira
 Arumita
 As
 Astrónomo

B

Bacenilla
 Baila
 Balura
 Banana
 Barbanca
 Barón
 Barandilla
 Barrelas
 Barrilete
 Beato
 Bello Pipas
 Bicicletas
 Bicoca
 Biscúter
 Bocachica
 Bolas
 Bólido
 Bonifacio
 Borba
 Borbones
 Boria

Borrallo
 Botana
 Botinas
 Bravo
 Brochas

C

Cabalo
 Cabezudo
 Cabicha
 Cabria
 Cabrita
 Cacagüé
 Cacharelo
 Cacharrera
 Cachelo
 Cachitas
 Cacholo
 Cacique
 Caco
 Cadiña
 Caga Espiñas
 Cagalla
 Caja na Caldereta
 Cajana
 Cajetudo
 Cajina
 Cajote
 Calado
 Calatrabas/Calatravas
 Calderilla
 Calderón
 Caligota
 Calistro
 Calú
 Cambalete
 Camello
 Campaneiro
 Campanilla
 Campante

Canchela
 Caneto
 Caní
 Canosa
 Canoto
 Canta o galo
 Cañamasa
 Cañás
 Cañón
 Capador
 Capela
 Carabillo
 Carajito
 Carallana
 Carcamán
 Carceleiro
 Caricolo
 Cariña de Rosa
 Carioco
 Carola
 Carolo
 Carrana
 Carrancho
 Carrapucho
 Carrera
 Carretilla
 Carulo
 Caruso
 Casca
 Cascarilla
 Caseto
 Catuxo
 Cebas
 Cegallo
 Cenecha
 Cerilla
 Ciclón
 Cirilo
 Cobela
 Codias
 Coduña

Aproximación aos sobrenomes de Pontedeume: un traballo de campo

Coira	Curujas	Chus
Colarte	Curutos	Chucurruchú
Colludo	Curuxa	
Coló	Cuyaronas	D
Conde		
Coné	CH	Da costa
Conero		Da forxa
Conoco	Cha	Da leña
Corbata	Chaira	Da luz
Corneta	Chalala	Da mosca
Coronel	Chanet	Da sal
Corrosocos	Charrán	Das cabras
Cosita	Chatarra	Das tías
Coteo	Ché	De Gaulle
Cotonía	Checha	De goma
Cotorra	Cheño	Do cruceiro
Coxo da Prada	Cheirume	Do pino
Coxo da Viviana	Chelín	Don tomate
Coxo do Piropo	Chenché	Donata
Coxo do Trancho	Chepas	Dos crollos
Criminal	Chería	Dos cruces
Crusa	Chichomono	Dos gatos
Cu de Molete	Chicote	Dourado
Cu de Pau	Chinelas	Drácula
Cubanita	Chinitas	Dragas
Cubetas	Chinta	
Cuchuco	Chiquitín	E
Cuco	Chiquituja	
Culitos Pinavete	Chirina	E
Culo de Oro	Chirolo	El
Cuncas	Chispa	Ello
Cupacha	Chisqueta	Escapado
Cupido	Chita	Escapulario
Cura	Chocha	Espía
Curdero	Choco	
Curinche	Chona	F
Curioso	Chorró	
Curisca	Chosco	
Curripichí	Chu	Fachado
Currito de la Cruz	Chulo	Faluchero
Curro Jiménez	Chupaespiñas	Fandunga

Faneca
 Faragullas
 Faroleiro
 Farruco
 Fedol
 Feochas
 Ferreiro
 Ferriel
 Fidel
 Fillus
 Flores
 Foncellas
 Foneca
 Forrón
 Foxoso
 Freixeira
 Fuca
 Fuciñoca
 Fufino
 Fugarote
 Funica
 Fusila
 Futingo

G

Gabina
 Gachos
 Gaiteiro
 Galanas
 Gallo
 Gancha
 Garbancito
 Garelo
 Garocha
 Garula
 Gaseosas
 Gaucho
 Gavexa
 Gaviota
 Gento

Ginasas
 Gollín
 Gorecha
 Gorrión
 Grandaliño
 Graña
 Grillo
 Groucho
 Guapa
 Guisotes
 Gurano

H

Habanera
 Herrerita
 Huesos

I

Illobre
 Isleña

J

Jaiva
 Janchá
 Japolá
 Jata-jata
 Jaula
 Jaxé
 Jesucristo
 Jesuita
 Jóe
 Joilano
 Joló
 Jota
 Juá-juá

L

La bimba
 La luna
 La Petra
 La una
 Labora
 Lagarto
 Lameiro
 Lanchas
 Langañas
 Larecho
 Lascas
 Latas
 Lavacán
 Lavía
 Laya
 Lebre
 Lenguas
 Lepempe
 Lerés
 Levis
 Liberata
 Licamen
 Lili
 Limpé
 Limpia
 Limpín
 Lipín
 Llavera
 Lo truje
 Locho
 Lorcho
 Loureiro
 Lucero
 Luquino

M

Mª. Potra
 Macaco

Aproximación aos sobrenomes de Pontedeume: un traballo de campo

Macana	Melones	Número 15
Macaní	Menacha	
Machaquito	Merlo	O
Macho	Metralleta	
Macica	Mexaamodiño	Oca
Macona	Millionario	¡Oh!
Macotis	Mincheira	Orní
Majitas	Minchona	
Majo	Minuto	P
Mala pata	Miñota	
Maleta	Moca	Pacheco
Mamira	Mocartillo	Pacorro
Mamona	Moco	Pahiño
Mancha	Moeche	Pai-pai
Mandadeiro	Mómaro	Pájaro
Mandinas	Mona	Pájaro
Mandriolo	Moreno	Paji
Mangarraños	Mormoso	Pallarete
Manquero	Moro	Paloma
Manteca	Morros	Pan quente
Mantelas	Morte	Panas
Mantido	Moscón	Pancho rulo
Maño	Motores	Panchurro
Maragata	Moucho	Pandereta
Marín	Moxón	Papacha
Mariquito	Muchico	Papará
Marta	Mulato	Paparrabias
Martabela	Muñiz	Papas de arroz
Martelo	Músico	Papatí
Marticó		Papaxibas
Martiño	N	Papocha
Marzá		Papulo
Masete	Napias	Paquete
Masilla	Napuruchela	Paragüeros
Matachinos	Narichi	Parapeto
Matapiojos	Nela	Pardillo
Matón	Neli	Parolas
Mayantí	Nené	Parranda
Mazónico	Ney	Parraxo
Mejillón	Niño de las Monjas	Parrula
Melendres	Níxaro	Pasiesa

Pata	Pichona	Puchas
Pata de gallo	Picuesos	Puerra
Patacón falso	Pies	Pujitos
Patiña	Pilata	Putaina
Patita	Pileiro	Puxano
Pato	Pilito	
Patolo	Pillín	Q
Pava	Piloncho	
Pavía	Piloto	Queixo
Paxariño	Pimento	Queixo
Paxeiro	Pimpino	Quente
Payana	Pingüinos	Quientomolaleche
Peati	Piniscando	Quixano
Pechocha	Pinjón	
Pedreira	Pinocho	R
Pedrín	Pinzas	
Pegote	Pipo	Raca
Peideiro	Pirata	Rachota
Peinado	Pirillano	Rada
Pejo	Pirinas	Ralo
Pelacho	Piropo	Ramallo
Peló	Pirricha	Randa
Peloura	Pirucho	Raro
Peneiras	Piruleiro	Rascallú
Pepe catón	Pistolas	Raspita
Pepinillas	Pitillo	Rasquetas
Pepino	Pitís	Rato
Pequerrecha	Pito	Rebolo
Perdigón	Pixa pampa	Reboredo
Perilla	Pixarolas	Reixiña
Perona	Pixija	Rejandixo
Perratite	Pixina	Rella
Pescozón	Polo	Relleno
Peta amodiño	Ponteví	Relojos
Petapouco	Popó	Remolacha
Petén	Porca	Requeté
Piastra	Porota	Rescalda
Picada	Porrolas	Retratuculos
Pichanco	Portera	Rexac
Pichito	Presumida	Riaña
Pichoco	Priori	

Aproximación aos sobrenomes de Pontedeume: un traballo de campo

Rocha	Tacolón	Tarzán
Rodas	Tacones	Triana
Rol	Tacuco	Tronada
Rolindes	Taiba	Trueira
Rolleta	Talana	Trulí
Rosquilleiro	Talladas	Tuis
Roxo	Tambores	Tulita
Ruca	Tamparantán	Tullido
Rufo	Tapón	Tuquía
Rujo	Tarambana	
Rulo	Taritas	U
Rumba	Tarrela	
	Tartana	Uchavita
S	Tarteiras	
	Tascona	V
Sabiduría	Tati	
Salada	Tato	Valenciano
Saleanta	Tembleque	Valigó
Salerosa	Tereás	Venecia
Salio	Teso	Veneno
Salta paleiros	Tío Xan	Vergueira
Salú	Tiquidís	Viejito
Sandokán	Tirulí	Vierna
Santiño	Tití	Vilela
Santo	Tocamadera	Virutas
Sapo no ollo	Tofi	Viudo
Sarantelo	Toloso	Volcán
Sedán	Tontería	Vostede
Sereno	Topacho	
Seteperras	Toraña	X
Sietemesino	Tortilla	
Solla	Torto	Xacobe
Sono	Toso	Xadigo
Sopambá	Toura	Xaniquí
Sta. Pedra	Toxo	Xarro
	Tragamares	Xaxá
T	Trampas	Xebo
	Trancamallas	Xebreira
Tacatá	Trapichera	Xeno
Tacita de prata	Trasno	Xias
	Travieso	

Xirico	Yini	Zorro
Xixas	Yuma	Zulú
Xolo		Zz
Xoneto	Z	
Xota		
Xuano	Zaguero	
Xurumba	Zángano	
	Zapatilla	
Y	Zoca rota	
	Zoila	
Yacaré	Zoqueira	
Yeti	Zorra	

BIBLIOGRAFÍA

- DICCIONARIO de la lengua española, 22ª ed. Madrid: [Espasa], 2001
- DICCIONARIO da Real Academia Galega. A Coruña: Real Academia Galega, 1997
- NUEVA Enciclopedia Larousse, 2ª ed. Barcelona: Planeta, 1983